

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

NOVA PRODUCCIÓN DO CDG

As Dunas, 'sex on the beach'

A obra, escrita por Manuel Lourenzo e dirixida por Quico Cadaval, que a define como "un cabaré sobre o paraíso perdido", estréase o venres 6 en Compostela.

M.S.P. - 18:30 03/03/2009

Unha obra exótica para falar do noso, unha comedia para explicar cousas que marchan mal, unha exhibición do pecado para acadar o paraíso perdido. Así é [As Dunas](#), a nova produción do [Centro Dramático Galego](#), que uniu por vez primeira os dos autores máis importantes do teatro galego actual: [Manuel Lourenzo](#), creador do texto, e [Quico Cadaval](#), responsábel da posta en escena. Cadaval define o texto como "un cabaré sobre o paraíso perdido. A paisaxe sinxela da infancia destruída, ironicamente, polo paraíso en cápsulas que é o turismo. A destrución do rostro dun país como unha catástrofe de cirurxía plástica, a ruína sentimental escenificada coralmente por un grupo de homes e de mulleres que procuran o amor enriba dunha onda de cemento".

A obra, protagonizada por Susana Dans, Paula Buján, Evaristo Calvo, Rodrigo Roel, Iria Pinheiro, Manolo Cortés ou Davide Salvado, é unha visión "fortemente onírica" sobre a especulación inmobiliaria, os impactos ecolóxicos, os atentados á paisaxe e a falta de respecto á natureza. A acción discorre no spa *As Dunas*, situado na Mariña, e construído sobre un castro. O balneario musical abrirá as súas portas día e noite, que terá como destinatarios a "amantes de praceres prolongados" e integrará actividades que van dende o relax ao goce musical "pasando por todo tipo de refinados praceres do corpo".

Cadaval di sobre o teatro de Manolo Lourenzo que está todo el impregnado dunha "nostalxia edénica"; di que Lourenzo "acredita que hai un paraíso" e que a maneira de atopalo é a contraria da proposta pola Igrexa Católica, procura polo tanto a "aventura sentimental, o pracer e a ruptura co establecido". "Nestes tempos vaticanistas agrádese un pouco de amor libre", afirmou Lourenzo a este respecto na presentación da obra, que recunha no obxectivo de absorber todas as linguaxes da arte e de lle abrir os escenarios á xente nova, igual que xa fixo por exemplo *Noite de Reis*, a anterior obra de Quico Cadaval. "Falouse moito de que había que facer espectáculo para o público. Pero non se dixo cal era ese público", afirmou Cadaval, que rexeitou estar presionado polo éxito precedente de *Noite de Reis*, moi ao contrario: "deunos confianza, porque o público está moi asustado co teatro, e con aquela obra conseguimos que perdesese ese medo".

As Dunas é unha obra moi dinámica, na que a música cobra un papel fundamental. Estréase este venres no Salón Teatro de Compostela ás nove da noite e repetirá todos os venres, sábados e domingos até o 29 de

marzo. Despois viaxará ao Barco (17 de abril), A Coruña (24 e 25 de abril), Vigo (29 e 30 de abril), Tui (8 e 9 de maio), Vilagarcía (14 e 15 de maio), Ourense (22 e 23 de maio), Narón (29 e 30 de maio), e Ferrol (13 de xuño)